

touradas fóra, de pontevedra! A TORTURA NON É ARTE NEN CULTURA



As touradas están baseadas na tortura, a dor e o ensañamento co touro. Transmiten valores negativos, como o uso inxustificado da violencia, o desprezo cara os dereitos dos animais, o goce coa tortura e o maltrato animal. Segundo a Declaración Universal dos Dereitos dos Animais, artigo 11: **“todo acto que implique a morte dun animal sen necesidade é un biocidio”.**

As tradicións deben funcionar como soporte do que nos define e constrúe, mais tamén do que esperamos no futuro. Aquelas que están sustentadas na violencia e no aniquilamiento non fan máis que perpetuar comportamentos que **deben ser rexeitados da sociedade.**

Ademáis, para os galegos e as galegas, as touradas **non teñen nada que ver coa nosa historia nen coa nosa cultura**, chea de tradicións populares que esmorecen e que si son dignas de recuperación.

Eliminar as touradas non é unha utopía como demostran os exemplos de Catalunya e Canarias.

As tempadas taurinas, as escolas e as gandeirías son financiadas con diñeiro público que **tamén pagamos as galegas e os galegos, que somos os que menos interese temos nas touradas en todo o Estado.**

Segundo diversas enquisas, **o 90% consideramos que a tortura dos animais como diversión debe ser suprimida**, e a inmensa maioría da poboación nunca asistimos nen asistiremos a unha corrida de touros. Por todo isto demandamos:

- 1. O cese inmediato de axudas encobertas ás touradas por parte de todas as Institucións Públicas**, nomeadamente a Deputación de Pontevedra, principal soporte público na nosa cidade.
- 2. Que o Parlamento de Galiza modifique a "Lei 1/1993 de Protección de Animais Domésticos ou Salvaxes en Cautividade"** que exclúe no seu artigo 5º as touradas, para que prohíba estas actividades.
- 3. O cese do uso de espazos públicos para a promoción das touradas**, así como a supresión nos programas de festas editados polo noso Concello.
- 4. A declaración de Pontevedra como "Cidade Antitouradas e amiga dos Animais".**
- 5. A reconversión da Praza de Touros nun Coliseu para espectáculos culturais e concertos.**

sábado

13 de agosto. 20h. Peregrina
**MANIFESTACIÓN
CONTRA AS TOURADAS**

touradas fora de pontevedra! A TORTURA NEM É ARTE NEM CULTURA



contra a tortura

As touradas estão baseadas na tortura, a dor e a crueldade com o touro. Transmitem valores negativos, como o uso injustificado da violência, o desprezo dos direitos dos animais, o gozo com a tortura e o maltrato animal. Segundo a Declaração universal dos direitos dos animais, artigo 11: **“todo acto que envolver a morte de um animal sem necessidade é um biocídio”.**

As tradições devem funcionar como suporte do que nos define e constrói, mas também do que esperamos no futuro. Aquelas que estão sustentadas na violência e no aniquilamento não fazem mais que **perpetuar comportamentos que devem ser rejeitados pela sociedade.**

Aliás, para os galegos e as galegas, **as touradas não têm nada a ver com a nossa história** nem com a nossa cultura, cheia de tradições populares que esmorecem e que sim são dignas de recuperação.

Eliminar as touradas não é uma utopia como demonstram os exemplos da Catalunha e das Canárias.

As temporadas taurinas, as escolas e as gadarias **som financiadas com dinheiro público que também pagamos as galegas e os galegos, que quem menos interesse temos nas touradas em todo o Estado.**

Segundo diversos inquéritos, **90% consideramos que a tortura dos animais como divertimento deve ser suprimida**, e a imensa maioria da população nunca assistimos nem assistiremos a uma corrida de touros. Por todo isto demandamos:

1. **O cessamento imediato de ajudas encobertas às touradas por parte de todas as instituições públicas**, nomeadamente a Deputação de Ponte Vedra, principal suporte público na nossa cidade.

2. **Que o Parlamento da Galiza modifique a Lei 1/1993, de Protecção de animais domésticos ou selvagens em cativeiro**, que exclui no seu artigo 5º as touradas, para que proíba estas actividades.

3. **O cessamento do uso de espaços públicos para a promoção das touradas**, assim como a supressão nos programas de festas editados pela nossa câmara municipal.

4. A declaração de Ponte Vedra como **“Cidade antitouradas e amiga dos animais”.**

5. **A reconversão da praça de touros num coliseu para espectáculos culturais e concertos.**

sábado

13 de Agosto. 20h. Peregrina

**MANIFESTAÇÃO
CONTRA AS TOURADAS**